

Grao en Enxeñaría dos recursos mineiros e enerxéticos

Este grao capacita para o exercicio da profesión regulada por lei de enxeñeiro/a técnico de minas en tres especialidades segundo o establecido pola Orde CIN/306/2009:

- Explotación de minas
- Metalurxia e mineralurxia
- Recursos enerxéticos, combustibles e explosivos


Datos básicos da titulación

- Número de prazas de novo ingreso: 50
- Modalidade do ensino: presencial
- Duración dos estudos: 4 cursos académicos
- Número de créditos: 240 créditos ECTS
 - Formación básica: 60
 - Obrigatorias: 108
 - Optativas: 60
 - Traballo de fin de grao: 12

Para máis información

Web: minasyenergia.uvigo.es
E-mail: eme.negociado@uvigo.gal
Teléfono: 986 812 205

Benvinda aos estudantes de primeiro no curso 2018-2019



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de
Minas e Enerxía
Campus universitario
36310 Vigo (España)

Tel.: 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es



uvigo.gal



GRAO

Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría
de Minas e Enerxía

Perfil do alumnado de novo ingreso

Interese por cursar uns estudos de enxeñaría multidisciplinaria relacionados cos recursos mineiros, enerxéticos e materiais, e desenvoltos nun marco de sustentabilidade e respecto ao medio ambiente.

Desenvolve a túa vida profesional combinando o traballo técnico de gabinete coa práctica real de campo!

Formación

Este grao pretende fornecer a formación adecuada e de alto nivel aos futuros/as profesionais para a exploración, investigación, explotación, beneficio, elaboración, transformación e uso dos recursos mineiros (rochas e minerais, espazos subterráneos, auga...) e enerxéticos (petróleo, gas natural, fontes de enerxía renovable...). Todas estas actividades deben de levarse a cabo de forma segura, rendible e ambientalmente aceptable.

Ademais, coñeceranse as tecnoloxías propias dos materiais metálicos, cerámicos, polímeros e compostos, desde a súa obtención ata o seu uso.

Acceso e admisión

Bacharelato coa PAU superada. Recomendado: científico-técnico

Ciclos formativos de grao superior

Proba de acceso para maiores de 25, 40 ou 45 anos

Titulación universitaria previa



Saídas profesionais

A persoa graduada en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos poderá desenvolver a súa actividade profesional nos seguintes sectores industriais:

Xestión de recursos e protección do medio ambiente.

Xeración, transformación e transporte de enerxía: centrais térmicas e hidráulicas, ciclos combinados, centrais nucleares, enerxía eólica, enerxía solar, enerxía xeotérmica e outras enerxías.

Explosivos, demolicións e obra civil, extracción de materias primas, plantas de tratamento, reciclaxe etc.

Metalurxia, materiais tradicionais (aceiros, metais, materiais de construción...) e novos materiais.

Exploración, prospección e explotación dos recursos xeolóxicos e minerais: combustibles fósiles (carbón, petróleo e gas), minerais, rochas, auga, espazos subterráneos etc.

Distribución temporal das asignaturas

1º curso		2º curso		3º curso				4º curso		
1º semestre	2º semestre	3º semestre	4º semestre	5º semestre	6º semestre	7º semestre	8º semestre			
				EM (*)	MM (*)	RECE (*)	EM (*)	MM (*)	RECE (*)	
Física: Física I	Física: Física II	Electrotecnia	Xeomática	Explotación sostible de recursos mineiros I				Xestión de obras e replanteos		SIX e ordenación do territorio
Matemáticas: Cálculo I	Matemáticas: Cálculo II	Física: Sistemas térmicos	Tecnoloxía ambiental	Concentración de menas	Mineralurxia	Tecnoloxía eléctrica	Rochas industriais e orna- mentais	Plantas de fabricación de materiais de construción	Recursos, instalacións e centrais hidráulicas	Voaduras
Matemáticas: Álgebra lineal	Informática: Estatística	Tecnoloxía de materiais	Seguridade e saúde	Prospección e avaliación de recursos	Tratamento e conformado de materiais	Operacións básicas e procesos de refino, petro- químicos e carboquímicos	Tecnoloxía de explotación de minas	Ensaio e control de calida- de de materiais	Enxeñaría nuclear	Explotación sostible de recursos mineiros II
Química	Empresa: Dirección e xestión	Resistencia de materiais	Mecánica de solos	Mecánica de rochas	Instalacións e procesos de obtención de materiais metálicos	Xeración e distribución de enerxía térmica convencio- nal e renovable	Sondaxes, petróleo e gas	Tratamento de superficies e soldadura	Explosivos	Obras subterráneas
Expresión gráfica	Xeoloxía	Mecánica de fluídos	Calor e frío	Cartografía temática e teledetección	Tecnoloxía dos materiais plásticos		Loxística e servizos mineiros	Degradación e reciclaxe de materiais	Control de calidade de materiais	Construción e movemento de terras
30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS	30 ECTS			30 ECTS			30 ECTS

(*) Durante o quinto semestre (terceiro curso), o alumnado ten que optar por unha das tres especialidades ofertadas:

EM: Explotación de minas

MM: Metalurxia e mineralurxia

RECE: Recursos enerxéticos, combustibles e explosivos



Plan de internacionalización: ofértase a posibilidade de cursar 60 ECTS impartidos en inglés.

Mobidade estudiantil: convenios con universidades nacionais (programa Sicue), europeas (Erasmus+), EUA (ISEP) e outras universidades internacionais (convenios bilaterais).

Prácticas externas extracurriculares: múltiples convenios con empresas de sectores relacionados coa titulación e coa profesión.

Plan de mentorización: programa de apoio e guía ao alumnado de novo ingreso por parte de estudantes de cursos superiores. Trabállanse competencias de presentación oral, traballo en grupo, intelixencia emocional, liderado, adestramento personalizado (*coaching*), técnicas de estudo etc.

Saídas de campo: organización de múltiples visitas a explotacións e a instalacións industriais: explotacións mineiras, plantas de transformación, infraestruturas subterráneas, plantas de xeración eléctrica (renovables e convencionais), etc.

Asociacións estudiantís: asociacións e grupos liderados por alumnado propio da EEME: delegación de alumnado, asociación deportiva, Foro Tecnolóxico de Emprego, Asociación de Enxeñeiros da Enerxía...

Organización de obradoiros, charlas, cursos e concursos: obradoiro de recoñecemento de minerais, Aula Aberta á Tecnociencia, soporte lóxico (software) específico, participación en xornadas divulgativas (Xeolodía, mes cultural de Santa Bárbara...), concurso de restauración sostible de espazos mineiros, concurso de fotografía Enfoca.rme, concurso Constrúe e compite co teu equipo mineiro, etc.